

Un poeta en guerra
John Cornford

Lucía Rodríguez Lema, Lucía González Ariza, María Celia Corral Noguera

4ºESO A, B

JOHN CORNFORD

John Cornford, poeta e activista político británico, naceu en Cambridge o 27 de decembro de 1915, nunha distinguida familia intelectual: o seu pai era catedrático na Universidade de Cambridge, a súa nai era poetisa e o seu tataravó, Charles Darwin, era o autor do tratado científico “A orixe das especies”.

Educouse na súa cidade, en Stowe School, Trinity College e na London Economics School, graduándose en Historia. En Cambridge foi un dos líderes do movemento estudiantil universitario, fundando a revista Cambridge Review. Xa a idade temperá comezou a amosar interese nas ideas do socialismo e do comunismo, e en 1933 ingresou no Partido Comunista Británico, chegando a converterse nun dos seus principais dirixentes xuvenís.



BRIGADAS INTERNACIONAIS

Durante a Guerra civil española, apareceron as Brigadas Internacionais: unidades militares formadas por voluntarios estranxeiros de máis de cincuenta países que participaron na guerra xunto ao Exército republicano. Acudiron tantos escritores que pasou a ser coñecida como “A guerra dos poetas”. Das illas, Reino Unido e Irlanda, chegaron algúns dos mellores do século: poetas como Auden ou Stephen Spender e visionarios como George Orwell.



JOHN CORNFORD E O FASCISMO

No verán de 1936, o estoupido da Guerra Civil sorprendeu a John Cornford en Francia coa súa amante, Margot Heinemann, unha rapaza tamén comunista. O poeta xa manifestara antes a súa actitude cara aos fascismos, nun artigo que escribiu para a revista *The Cambridge Left* en 1934: “O fascismo esfórzase para paralizar o movemento da clase obreira asasinando e torturando aos seus líderes [...]. O fascismo explota os sentimentos nacionalistas da pequena burguesía para desviar a súa hostilidade cara ao réxime existente [...]. Por ese motivo, quería viaxar a España coa intención de participar no conflito.



CHEGADA A ESPAÑA

Despois de conseguir unha acreditación como periodista, entrou en España. Ao chegar, escribiu as seguintes liñas a Margot Heinemann: “En Barcelona pódese entender físicamente o que significa a ditadura do proletariado [...]. Pero non hai nada como a tensión ou a histeria... É xenuinamente una ditadura da maioría, apoiada pola abafadora maioría”. Integrouse no Partido Obreiro de Unificación Marxista (POUM), porque, segundo lle dixo ao seu pai nunha carta, “un xornalista que non sabe dicir unha palabra en español é simplemente inútil, polo que decidín unirme á milicia”. Enviárono ao fronte de Aragón.



DURANTE A GUERRA

Chegou a combater en breves batallas, mais caeu enfermo de disentería e foi repatriado a Inglaterra. Xa en Cambridge, dedicou toda a súa actividade a reclutar un grupo de voluntarios para integrarse nas Brigadas Internacionais. Desde París chegaron a Alicante, e el e a súa pequena tropa de ingleses e irlandeses uníronse á XIV Brigada, ao mando dos franceses. Pasaron un tempo entrenándose militarmente en Albacete antes de ser trasladados a Madrid de urxencia para defender a facultade de Filosofía.



A BATALLA DE LOPERA

Antes de ser mobilizado de novo, a finais de 1936, esta vez ao fronte andaluz, escribiulle a Margot Heinemann: “Ningunha guerra é agradable, incluso unha guerra revolucionaria é bastante fea [...]. Bueno, un día a guerra terminará [...] e vereite de novo”.


Non obstante, morreu durante a Batalla de Lopera (Jaén), o 28 de decembro de 1936, debido a unha ráfaga de ametralladora mentres intentaba axudar a un compañeiro.

En 1999 inaugurouse en Lopera un monumento homenaxeando a Cornford e o resto de brigadistas, no Xardín dos poetas ingleses.



A SÚA OBRA

Cornford escribira poesía durante os seus anos de formación na Universidade de Cambridge. Segundo Michael De-la-Noy, “durante os seus tres anos en Cambridge escribiu só nove poemas, porque pasaba catorce horas ao día en actividades políticas”. Durante o seu tempo loitando no fronte, na Guerra civil española, volveuse máis prolífico. Considérase un representante do modernismo poético e anglosaxón. Os seus traballos máis coñecidos son “The Last Mile to Huesca” (1936) e “Poems from Spain” (1936).



CARTA DE ARAGÓN

Algúns meses antes de morrer, escribiu un poema, “Carta de Aragón” (do que adxuntamos os primeiros versos á dereita), no fronte do Ebro, que resulta tan seco e eficaz como desolador.

Este es un sector tranquilo de un frente tranquilo.

Enterramos a Ruiz en un ataúd nuevo,

pero la mortaja era pequeña y sus pies lavados sobresalían.

El hedor de su cadáver atravesaba las limpias tablas de pino

y algunos de los portadores cubrieron su rostro con pañuelos

Nada dignificaba la muerte

Abrimos una tumba desigual en la tierra insensible

y una salva desigual disparamos encima de la tumba

A juzgar por nuestra indiferencia, nadie le echaba de menos.